

ACTA NÚMERO 05/09
XERENCIA ATENCIÓN PRIMARIA DE VIGO
E A COMISIÓN DE CENTROS DE ATENCIÓN PRIMARIA

ASISTENTES

POLA DIRECCIÓN:

D. JAVIER CARAMÉS CASAL

D^a. BERNADINO VÁZQUEZ ABAL

D^a. PILAR RIBEIRO MARTINEZ

D^a. ANA M^a CAPDEVILA ARGÜELLES

D^a. PILAR SILVEIRA RODRIGUEZ

POLA COMISIÓN DE CENTROS:

D. XOSE LOIS MARTINEZ FEDZ-CSI-CSIF

D. CARLOS VARELA VIGO- CSI-CSIF

D^a HERMINIA VÁZQUEZ NIEVES-CESM

D. MANUEL NIETO PEREIRA-CESM

D^a. CARMEN GARCIA RIVAS-SATSE

D^a. LOURDES CARBAJO NUÑEZ-SATSE

D. ARACELI LOUREIRO SOUSA-CC.OO.

D^a. ARACELI LOUREIRO SOUSA-CC.OO.

D^a. DAMIANA GULLON DOMINGUEZ-SGPS

D^a PURIFICACIÓN VILLAR DE TORA-SGPS

D^a. ANA RODRÍGUEZ VELOSO-SAE

En Vigo, ás once horas do día vinte sete de xullo de dous mil nove, reúnense na sala de xuntas da Xerencia de Atención Primaria, para tratar os asuntos que figuran no seguinte:

-- ORDE DO DÍA --

- 1.- Escrito presentado nesa Xerencia por unha farmacéutica en relación ao protocolo de actividade. Concretamente no que se refire á regulación da visita médica e o cumprimento de obxectivos en canto a prescrición de xenéricos.
- 2.- Matrón de Pontearreas. Solución desta Xerencia a súa sobrecarga de actividade.
- 3.- Enfermería de Casco Vello, quenda de tarde. Estaba planificado incrementar o servizo cunha enfermeira máis.
- 4.- IANUS: posibilidade de realizar unha copia en papel da historia electrónica.
- 5.- Gardas de sábado na Xerencia: problemas coa seguridade.
- 6.- Solicitamos se remita esta Comisión de Centro:

- a. Calendario oficial de gardas de sábados do persoal de xestión e servizos no Centro de Saúde de Redondela.
- b. Relación das xefaturas de xestión e servizos nos distintos centros e unidades dependentes de esta Xerencia.
- c. Calendarios oficiais de sábados de todas as categorías (agás os correspondentes á cidade de Vigo)

7.- Situación do Plan Mellora de Atención Primaria.

8.- Xerencia única. Que sabe a Xerencia deste punto.

9.- Mobilidade interna.

PUNTO PRIMEIRO.- ESCRITO PRESENTADO NESA XERENCIA POR UNHA FARMACÉUTICA EN RELACIÓN AO PROTOCOLO DE ACTIVIDADE. CONCRETAMENTE NO QUE SE REFIRE Á REGULACIÓN DA VISITA MÉDICA E O CUMPRIMENTO DE OBXECTIVOS EN CANTO A PRESCRICIÓN DE XENÉRICOS.

COMISIÓN DE CENTRO. Unha farmacéutica reclamou sobre a inclusión no seu protocolo de actividade o control da visita médica e tamén sobre a consecución de obxectivos ligados a prescrición de xenéricos porque a consecución deste obxectivo depende doutros profesionais.

XERENCIA. Temos que ver o tema dos obxectivos dos farmacéuticos, pero non lle vamos problema o control da visita médica. Simplemente debería programala e organizala conforme a instrución.

En canto o obxectivo de xenéricos é do informe do xefe de onde se avaliarán as actividades realizadas en relación con este obxectivo.

PUNTO SEGUNDO: MATRÓN DE PONTEAREAS. SOLUCIÓN DESTA XERENCIA A SÚA SOBRECARGA DE ACTIVIDADE.

XERENCIA: Hai que facer algunha precisión o escrito:

- di que atende a poboación de Mondariz e alí hai outra matrona
- tamén di que atende a 18.000 habitantes, cando a poboación de referencia "*mulleres en idade fértil*" está en 12.000 habitantes. Na cidade de Vigo hai máis matronas con máis de 10.000 usuarias.

En canto a actividade xúntase cadro da actividade rexistrada nos primeiros seis meses do ano 2.009.

UXT. Sexa moita ou pouca a carga de traballo, hai unha praza por cubrir que quedou valeira e había unha candidata.

XERENCIA. O candidato tiña vínculo noutro centro e a día de hoxe non está dispoñible.

PUNTO TERCEIRO. ENFERMERÍA DE CASCO VELLO, QUENDA DE TARDE. ESTABA PLANIFICADO INCREMENTAR O SERVIZO CUNHA ENFERMEIRA MÁIS.

XERENCIA. As prazas de enfermaría están cubertas e o resto priorizaráse en funcións das necesidades, pero non necesariamente unido aos incrementos de facultativos senón en funcións das cargas de traballo.

No caso concreto de Casco Vello ten un ratio TIS/profesional máis baixo que outros centros da Área.

SATSE. Existía un compromiso previo desta Xerencia para a cobertura dunha praza de enfermería en O Porriño.

PUNTO CUARTO. IANUS: POSIBILIDADE DE REALIZAR UNHA COPIA EN PAPEL DA HISTORIA ELECTRÓNICA

XERENCIA. Consultados os servizos de soporte técnico, informan que a través do buscador de episodios pódense imprimir todas as follas evolutivas.

COMISIÓN DE CENTRO. Temos que ter a versión anterior de IANUS aberta para ver a radioloxía e non nos deixa imprimir a radiografía.

En canto á posibilidade de imprimir a historia clínica, o 27 de maio Soporte contesta que non se pode facer en un documento único.

XERENCIA. É un programa novo e que hai que ir implementando.

COMISIÓN DE CENTRO. Pedimos que sexa o C.S.T. o que faga a descarga da historia si a pide o xulgado.

XERENCIA. Revisaremos o tema.

PUNTO QUINTO. GARDAS DE SÁBADO NA XERENCIA: PROBLEMAS COA SEGURIDADE.

XERENCIA: O sábado traballan tres persoas que entran o mesmo tempo e non hai público. Os fisioterapeutas reúnense un sábado o mes, que ata o de agora fixérono aquí en Rosalía de Castro e na última, o parecer, colouse un home viña a visitar a Salinas. Para que non haxa ningunha persoa externa os que fan a garda imos ver a posibilidade de que se reúnan no Centro de Saúde de Coia.

PUNTO SEXTO. SOLICITAMOS SE REMITA ESTA COMISIÓN DE CENTRO:

- a. CALENDARIO OFICIAL DE GARDAS DE SÁBADOS DO PERSOAL DE XESTIÓN E SERVIZOS NO CENTRO DE SAÚDE DE REDONDELA.
- b. RELACIÓN DAS XEFATURAS DE XESTIÓN E SERVIZOS NOS DISTINTOS CENTROS E UNIDADES DEPENDENTES DE ESTA XERENCIA.
- c. CALENDARIOS OFICIAIS DE SÁBADOS DE TODAS AS CATEGORÍAS (AGÁS OS CORRESPONDENTES Á CIDADE DE VIGO)

COMISIÓN DE CENTRO. Solicitamos que o calendario de xestión xestión e servizos no centro de saúde de Redondela se mande a Comisión de Centro.

XERENCIA: Entréganse copias da documentación solicitada.

PUNTO SETIMO. SITUACIÓN DO PLAN MELLORA DE ATENCIÓN PRIMARIA.

XERENCIA. Estase pendente da reunión coa mesa sectorial que se celebrará no mes de setembro.

PUNTO OITAVO. XERENCIA ÚNICA. QUE SABE A XERENCIA DESTE PUNTO.

XERENCIA: É un obxectivo da Consellería. a Área de Vigo está pendente de organización (novo hospital, centros, hospital,...) e tal vez por estas cuestións sexa a medio prazo.

PUNTO NOVENO. MOBILIDADE INTERNA.

XERENCIA: A convocatoria de mobilidade interna sigue o seu proceso. Actualmente están publicadas a relación definitiva de admitidos.

CONCLUSIÓNS.

XERENCIA. En Tomiño puxéronse láminas reflectantes do calor e cortinas para rebaixar a luminosidade nas consultas. En principio o problema, creemos, que está resolto. Dende as medida só houbo uns días de calor forte.

COMISIÓN DE CENTRO: Solicitamos información sobre a situación das prazas do Plan Mellora.

Remata a reunión as trece horas do día sinalado.